

**“Na D.O. Ribeira Sacra adegueiros e viticultores souberon estar no sitio en momentos moi complicados e esa é a mellor noticia para afrontar o novo ano”, José Manuel Rodríguez**

No 2019 a D.O. Ribeira Sacra pechaba o mellor ano da súa historia despois de obter a calificación de Excelente para a colleita 2018, acoller a Asemblea de CECRV e nesa última vendima precovid recollíanse **7.262.831 quilos de uva de excelente calidad**. *“Un ano no que se creceu en quilos, a calidade da uva foi excelente, onde se creceu en prezo e demostrouse a estabilidade dun sector que ano a ano vai medrando e que marca un camiño firme, de expansión, que nos fai ver un futuro prometedor”*, sinalaba o **Presidente do C.R.D.O.R.S., José Manuel Rodríguez**.

Dous meses e uns días despois comezaba a pandemia do coronavirus, cancelábanse todas as actividades promocionais e iniciábanse las limitacións na hostalería e restauración. O 2020 foi o ano de adaptación á nova situación, que se mantería neste 2021.

A D.O. Ribeira Sacra comezaba o ano con **catas online** xa iniciadas semanas antes coa campaña **Ribeira Sacra. O viño deste Nadal**. A actividade, guiada por Mercedes González Rodríguez, contou con moi boa aceptación por parte do consumidor. Abríase unha nova forma de contacto cos consumidores e persoas interesadas no mundo do viño. A iniciativa repetiríase para a celebración de San Valentín.

Destacaron este ano as puntuacións obtidas polos viños da D.O. Ribeira Sacra na **Guía Peñín** despois de que participaran das catas cerca de 100 viños de diferentes adegas, variedades, tipos e añadas entre el 2011 e o 2020. Moitos alcanzaron calificacións superiores a 90 puntos, mostrando así a boa evolución dos viños da Denominación de Orixe. Así a **cata “El Sabor de un Paisaje”** ofrecida pola enóloga, Isabel Mijares, abriu a XXI edición do Salón dos Mellores Viños de España e o 2021 tamén deu a posibilidade de recuperar a participación noutras feiras como **Xantar**.

Na **Cata dos Viños de Galicia**, por segundo ano consecutivo un tinto de D.O. Ribeira Sacra o viño **Prómine Singular de Adegas Petrón S.L.** de Sober - Subzona de Amandi conseguiu o galardón ao **Mellor Viño Tinto de Galicia**.

Outros tres viños da D.O. Ribeira Sacra foron galardoados:

- **Acio de Ouro tinto, Casa Moreiras** da adega Casa Moreiras S.L. na categoría de **D.O. Ribeira Sacra**
- **Acio de Ouro branco, Almalarga** da adega Alma das Donas S.L.U. na categoría de **Viños de Elaboracións con Madeira**
- **Acio de Bronce tinto, Don Bernardino Finca Mezquita** da adega Don Bernardino S.L. na categoría de **Viños de Elaboracións con Madeira**

Tamén a medidados do verán coñecíanse os resultados dunha nova edición do **Mondial des Vins Extremes 2021** que se celebra no Val de Aosta (Italia). A D.O. Ribeira Sacra presentou este ano 53 mostras, 44 de tintos e 9 de brancos, pertencentes a 27 adegas. Os bos resultados que a D.O. Ribeira Sacra obtén sempre en Aosta son un trampolín internacional para os seus viños e convertérona nun dos referentes mundiais máis importantes dentro da viticultura de montaña ou viticultura heroica.

**Medallas de Ouro:**

- **Castro das Saiñas 2019** de Adegas Saiñas C.B. (Pantón)
- **Sabatelivs 2020** de Adegas e Viñedos Lareu S.L. (Chantada)
- **Acivro 2020** de Adegas Salvadur S.L. (Pobra do Brollón)
- **Almanova 2019** de Alma das Donas S.L. (Pantón)
- **Prómine Singular 2020** de Bodegas Petrón S.L. (Sober)
- **Rectoral de Amandi 2020** de Bodegas Rectoral de Amandi S.A.U. (Sober)
- **Condado de Sequeiras 2017** de Grupo Peago S.L. (Chantada)
- **Condado de Sequeiras 2019** de Grupo Peago S.L. (Chantada)
- **Estrela 2020** de D'Fran S.C. (Sober)
- **Don Bernardino 2020** de Don Bernardino S.L. (Sober)
- **Vacamulo 2017** de Don Bernardino S.L. (Sober)
- **Finca Cuarta por Rubén Moure 2020** de Rubñen Moure Fernández (Sober)
- **Ciudáseis 2019** de M<sup>a</sup> Gloria Alavarán Losada (Monforte de Lemos)
- **Regina Expresión 2017** de Regina Viarum S.L. (Sober)

**Medallas de Prata:**

- **Matilda Nieves 2020** de Bodegas Rectoral de Amandi S.A.U (Sober)
- **Don Bernardino 2020** de Don Bernardino S.L. (Sober)
- **Don Bernardino Finca Mezquita 2016** de Don Bernardino S.L. (Sober)
- **Décima 2020** de José Manuel Rodríguez González (Sober)
- **Ciudáseis 2020** de M<sup>a</sup> Gloria Alavarán Losada (Monforte de Lemos)
- **Val da Lenda 2020** de Víctor Manuel Rodríguez González (Sober)
- **Viña Frieira 2020** de Carlos Fernández Rodríguez (Sober)

Neste ano foron **Distinguidos Gallaecia en brancos:**

- **1904 Adegas Vella 2019** de Jorge Feijoo González
- **B Ponte Da Boga 2020** de Adegas Ponte da Boga
- **Abadía da Cova 1124 Godello 2018** de Adegas Moure

E foron **Distinguidos Gallaecia en tintos:**

- **4ª Generación 2016** de Don Bernardino
- **12 Adegas Vella 2019** de Jorge Feijoo González
- **Abadía Da Cova Merenzao 2019** de Adegas Moure
- **Algueira Fincas 2017** de Adegas Algueira
- **Algueira Risco 2018** de Adegas Algueira
- **Capricho 2017** de Adegas Ponte da Boga
- **Coronin 2019** de Fidel Gallego Carreira
- **Don Bernardino 2020** de Don Bernardino
- **Don Bernardino Finca Mezquita 2016** de Don Bernardino



**RIBEIRA SACRA**  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 30 de decembro 2021

- **ET Suseia 2018** de Jorge Feijoo González
- **Finca La Capitana 2015** de Regina Viarum
- **Golosina 2020** de Jorge Feijoo González
- **Prómine Singular 2020** de Bodegas Petró
- **Regina Expresión 2017** de Regina Viarum
- **VS Cuco Sousón 2018** de Bodegas e Viñedos Finca Millara

Despois do verán comezou unha ampla oferta formativa dentro da programación de **Formación Continua e Transformación Tecnolóxica na D.O. Ribeira Sacra** neste 2021. Celebráronse cursos de aplicador manipulador de produtos fitosanitarios nivel básico e nivel cualificado, de enoturismo, viticultura sostible, comercialización e marketing en adegas.

Desenvolveuse o ciclo **Catas de iniciación á Ribeira Sacra: achegamento do pobo ao mundo do viño**, actividades que se levaron acabo entre mediados de agosto e novembro, con citas nos diferentes municipios da D.O. Ribeira Sacra.

Este ano a **vendima** comezaba oficialmente o 16 de setembro aínda que algunhas adegas iniciaban a recollida de uva a finais de agosto. O 20 de outubro finalizaba a vendima, case dúas semanas máis tarde que o ano anterior e despois de recoller **6.545.331 quilos de uva**. 93 adegas vendimaron esta campaña ao amparo da D.O. Ribeira Sacra arroxando as seguintes cantidades por variedade de uva:

#### **Variedades tintas**

- **Mencia 5.231.856 quilos**
- Garnacha 248.895 quilos
- Sousón 100.964 quilos
- Merenzao 59.127 quilos
- Brancellao 62.418 quilos
- Tempranillo 32.565 quilos
- Caíño tinto 32.576 quilos
- Mouratón 9.200 quilos
- Grao Negro 638 quilos

#### **Variedades brancas**

- **Godello 589.566 quilos**
- Albariño 96.873 quilos
- Treixadura 60.895 quilos
- Dona Branca 7.346 quilos
- Branco Lexítimo 4.614 quilos
- Loureira 4.371 quilos
- Torrontés 3.327 quilos

O ano pasado a climatoloxía converteuno nun ano complicado para a viña, pero neste 2021 a climatoloxía foi mellor do previsto e a campaña pechábase segundo o esperado, *"Cumpríronse as expectativas de superar os 6 millóns de quilos. A uva entrou en adega en boas condicións, con bo grao, na media dos últimos 10 anos. Estamos volvendo ao que estaba en marcha no 2019, antes da pandemia, cando*



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 30 de decembro 2021

estabamos aumentando vendas e introducíndonos noutros mercados," sinalaba José Manuel Rodríguez ao final da vendima.

Agora que o ano termina, o Presidente do C.R.D.O.R.S. fai balance e felicita a adegas e viticultores por saber manterse en tempos difíciles, o que dá empuxe para afrontar o novo ano, "*Foi un ano bo no que na Denominación mantívose a recollida da uva, mantivéronse os prezos e incluso nalgúns casos aumentouse o prezo medio da uva. Hai que consideralo un ano de transición no que se comezou a recuperar esa alegría de mercado, que o ano pasado perdérase. Comezáronse a mover os viños e comezouse a embotellar a ritmos prepanidemia. Isto foi un tempo que nos tocou vivir complicado e saíu de viticultores e adegueiros esa fortaleza que estaba aí e que en casos difíciles e nunhas circunstancias sobrevividas moi complicadas demostraron a súa fortaleza e profesionalidade. Esta é a mellor conclusión que se pode sacar deste ano,... que nos momentos complicados sóubose estar no sitio e esta é a mellor das noticias de cara a afrontar un futuro que co aprendido neste tempo complicado, permitiranos seguir asentándonos no mercado.*"

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirosacra.org](mailto:comunicacion@ribeirosacra.org)